

# Frondda

Voandeira do Arquivo Histórico Provincial de Ourense

Ano 1.

Nº. 7

Decembro 2006

D.L. Ou.-67/2006

## O DOCUMENTO

# 2006: ANO DA MEMORIA



**La Verdad de España...**  
SERA DIFUNDIDA HOY MARTES 22 EN EL  
**TEATRO "IRIONDO"**  
A las 8.30 de la Noche por:  
**Luis Soto Fernández**  
Y  
**Alfonso R. Castelao**

*INVITAMOS al Pueblo Democrático y también a quienes no siéndolo  
quieran conocer la tragedia que vive España bajo el yugo fascista.  
Escuche la palabra autorizada de estos dos prestigios del intelecto español.*

¡Por la Independencia de España!  
CASA DE LA CULTURA.

**Cerveza POLAR - La Cerveza del Pueblo!**

Imprenta y Linotipia GUTENBERG - Simón Reyes 38 - C. de Ávila.

ALFONSO R. CASTELAO

LUIS SOTO FERNANDEZ

[CARTEL anunciador dun mitin de Luis Soto Fernández e Alfonso R. Castelao no teatro Iriondo] . - Ciego de Ávila [Cuba] : Imprenta y Linotipia Gutenberg, [1938]. 1 lám. (cartel); 22 x 30 cm. AHPOu. Fondo Luis Soto Fernández, C 14632, sobre 66.

Co gallo do 75 aniversario da proclamación da II República e o 70 do inicio da Guerra Civil, distintas institucións españolas e galegas están a desenvolver iniciativas relacionadas coa recuperación da memoria histórica democrática e a reparación moral das vítimas da represión franquista. Neste número, *Frondda* quere contribuír coa difusión dos fondos documentais custodiados no AHPOu con información útil para a reconstrución desa etapa histórica.

Pese a que a maior parte dos fondos contemporáneos conservados no AHPOu foron producidos con posterioridade á Guerra Civil, algúns deles aportan datos de interese para o estudo dos sucesos acontecidos durante a contenda e a represión exercida durante e despois da mesma.

Menciónanse aquí aqueles con utilidade máis notoria, sen prexuízo de que se poda atopar información útil noutros fondos.

O documento deste mes, procedente do fondo **Luis Soto Fernández**, trátase do cartel anunciador do mitin de Castelao e Luis Soto que tivo lugar en Ciego de Ávila (Cuba) o 22 de Novembro de 1938. Ambos intelectuais e políticos realizaron entre 1938 e 1939 unha xira por Cuba e Estados Unidos, por encargo do goberno español para recabar apoio a favor da República entre as comunidades galegas do exterior. Castelao (Rianxo, 1886 - Bos Aires, 1950) xa non puido voltar en vida á súa terra e Soto (A Bola, 1902, México, 1982) non o fará ata a reinstauración da Democracia.

## FONDOS DO AHPOU ÚTILES PARA O ESTUDO DA GUERRA CIVIL E A POSGUERRA

Nome do fondo	Datas	C	L
• Delegación Provincial de Excombatientes	1939-1970	27	
• Juventudes de Acción Popular de Orense (JAP)	1934-1937	1	
• Prisión Provincial de Orense/Prisión de Celanova	1873-1986	28 4	81 5
• Xulgados de Responsabilidades Políticas	1937-1960	30	
• Luis Soto Fernández	1921-1978	18	

C = número de caixas, L = número de libros



## TESTEMUÑOS SOBRE OS VENCEDORES ANTES, DURANTE E DESPOIS DA GUERRA CIVIL


Da fase prebélica e das etapas iniciais da Guerra resulta de interese o fondo das Juventudes de Acción Popular (JAP) de Orense (1934-1937), a sección xuvenil e máis extremista do partido de J.M<sup>a</sup>. Gil Robles, Acción Popular. Tras o golpe de Estado de 1936, transformáronse en "Milicias de la JAP" como forza militar de apoio ás tropas do xeneral Franco, en 1937 foron absorbidas pola Milicia Nacional de *Falange Española Tradicionalista y de las JONS*.

O fondo da Delegación Provincial de Excombatientes de Orense (1939-1970) informa, non só sobre o recoñecemento do réxime de Franco aos excombatentes dos seus exércitos, senón tamén sobre os custos persoais de tantos homes que voluntaria ou involuntariamente se viron enrolados nunha guerra na que todos perderon máis do que gañaron.

## TESTEMUÑOS DA REPRESIÓN SOBRE OS VENCIDOS

Testemuño da represión inicial é a documentación da Prisión Central de Celanova (1936-1943), creada para recluír, fundamentalmente, a presos políticos, e instalada nas dependencias do antigo Mosteiro de S. Salvador. Dependente da Prisión Provincial entre 1936 e 1938, a partir deste ano cobra autonomía plena con categoría de prisión Central ata que é suprimida en 1943. De igual interese é o fondo da Prisión Provincial, que inclúe a documentación da prisión habilitada do Cumial, instalada no cuartel do mesmo nome durante a Guerra Civil, e do destacamento penitenciario das minas de Casaio, sen esquecer os fondos das distintas prisións de partido da provincia.

Tamén, de especial valor para o estudo das actividades represivas é a documentación dos xulgados de responsabilidades políticas (1937-1960), ferramenta punitiva para castigar a quen, activa ou pasivamente, non estivera a favor do levantamento militar de 1936. Para este fin creáronse diversas instancias xudiciais entre 1937 e 1945. Neste ano suprimiuse o Tribunal Nacional de Responsabilidades Políticas para crear unha Comisión Liquidadora de Responsabilidades Políticas, encargada de liquidar esta xurisdición.



## O EXILIO

Outra das consecuencias da guerra e represión foi o exilio de moitos dos perseguidos pola Ditadura. O fondo Luis Soto Fernández (1921-1978) aporta interesante información para coñecer a actividade política e cultural galeguista dos exiliados e as súas conexións cos galeguistas que permaneceron na Península. Entre as iniciativas de Soto destacan as de promoción de diversas publicacións entre a que destaca a revista *Vieiros*.